



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

ACORDO do 23 de decembro do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Chantada. Expediente IN407A 2024/17-2

Con data 18 de setembro de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada "Cambio de sección na LMTA CHA815 entre os apoios núm. D14 e núm. 54 (Chantada)".

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Chantada deducida da que se someteu a información pública no diario A Voz de Galicia do 8 de novembro de 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 27 de novembro de 2024, para que comparezan o día **12 de marzo do 2026 no concello de Chantada** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Chantada estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 23 de decembro de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº Predio	Pol.	Parc.	Paraxe	Naturaleza Terreno	Propietario	Data actas	Hora
7	42	143	Rigueiro	Prado	Obispado de Lugo	12.03.26	10:00
8	42	101	Lama Damedo	Labor	José Luis Arean Fernández e irmá		10:00

9	42	43	Cabanas	Labor	María Arean Fernández y Esposo	10:00
10	42	44	Cabanas	Labor	María Arean Fernández y Esposo	10:00
14	40	315	Gandariña	Prado	Santiago Luis Negral González	11:00
15	40	203	Folladas	Prado	Antonio Barredo Otero y Esposa	11:15
16	40	316	Porto	Prado	Antonio Barredo Otero y Esposa	11:15
18	39	122	Rizola	Prado	Hdros de Avelino Moure Regal	11:45
18/1	39	123	Rizola	Prado	María Luisa Méndez Ferreirós	12:00
18/2	39	124	Rizola	Prado	Javier Taboada Rodríguez	12:00

R. 0057

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE, DE TRES OPERARIOS/AS DE SERVICIOS MÚLTIPLES. PERSOAL LABORAL FIXO.

O 30 de decembro de 2025, por acordo da Xunta de Goberno Local aprobanse as bases para a selección, mediante concurso-oposición, quenda libre, de tres prazas de persoal laboral fixo, como Operarios/as de Servizos Múltiples, unha delas incluída dentro da OEP 2022 e dúas incluídas na OEP 2025.

A continuación publícanse íntegramente as bases en cumprimento do disposto no artigo 97 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local:

“BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE, DE TRES OPERARIOS/AS DE SERVICIOS MÚLTIPLES (OEP 2022 E OEP 2025).

1º.- OBXECTO

Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación do proceso de selección mediante concurso-oposición, quenda libre, de TRES operarios/as de servizos múltiples, como persoal laboral fixo.

A contratación destes postos ven determinada pola inclusión dunha das prazas na OEP do ano 2022 e das outras dúas prazas vacantes na OEP do ano 2025.

2º.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS

- A) Denominación das prazas: Operario/a de servizos múltiples
- B) Grupo de titulación: Asimilado a grupo E/Grupo de cotización 10.
- C) Outras características:

- Xornada completa de 37,5 horas semanais. O horario poderá ser de mañás, tardes ou xornada partida, segundo as necesidades do servizo, respectando en todo caso as horas máximas de traballo diarias e as xornadas de descanso fixadas na normativa laboral aplicable en cada momento.

- Soldo bruto mensual en 14 pagas: equivalente ó salario mínimo interprofesional que corresponda en cada momento, cos incrementos que veñan determinados pola normativa aplicable.

- D) As súas tarefas están relacionadas con limpeza de espazos públicos, desbroces, podas, recollida de material para o punto limpo, recollida de podas, mantemento de instalacións, traslado de materiais, montaxe e desmontaxe de estruturas para eventos,... ou calquera outro traballo relacionado coa área na que presta servizo e veña determinado pola persoa responsable do mesmo.

3º.- SISTEMA SELECTIVO

O sistema selectivo será o de concurso-oposición.

4º.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

4.1.- Ter nacionalidade española sen prexuízo do establecido no artigo 57 EBEP.

4.2.- Posuir capacidade funcional.

4.3.- Ten cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de jubilación forzosa.

4.4.- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución judicial, para o acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado.

4.5.- Non se esixe ningunha titulación específica para este posto de traballo.

4.6.- Contar con permiso de conducir e vehículo propio ou dispoñible para desprazamentos.

4.7.- Contar con carnet de produtos fitosanitarios.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo que figura como anexo desta convocatoria, e poderán solicitarse nas propias oficinas do concello (Rua Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros, Lugo 982124002) ou a través da páxina web municipal www.concellodebarreiros.gal

As instancias poderán presentarse no prazo de **15 días hábiles** contados a partir do seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no **Boletín Oficial do Estado (BOE)**. Poderanse presentar presencialmente no Rexistro do Concello, a través da sede electrónica municipal (<https://barreiros.sedelectronica.es>) ou a través de correo certificado, sempre e cando se remita de forma simultánea por correo electrónico a (secretaria@concellodebarreiros.gal) o xustificante de correos.

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea e do carnet de conducir.

b) Copia da titulación esixida.

c) Deberán xuntárselle á instancia copia da documentación que acredite os méritos que a persoa aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso, e que deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes. **IMPORTANTE: non se terá en conta, a efectos de méritos, ningunha documentación que non fose aportada durante o prazo de presentación de instancias.**

6º.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES, DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución, no prazo máximo dun mes, pola que se declarará aprobada a lista provisional de admisións e exclusións.

A dita resolución publicaráse no taboleiro de anuncios da casa do Concello, na sede electrónica municipal e na páxina web municipal. Na publicación farase constar, se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

As persoas excluídas ou omitidas nas ditas relacións disporán dun prazo de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para subsanar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión nas relacións correspondentes. Se no dito prazo non se subsanan os defectos serán definitivamente excluídas da realización das probas.

No caso de non presentarse alegacións ou subsanacións a lista provisional, elevarase a definitiva.

Resolución pola que se aproba a lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional, determinando así mesmo o lugar, data e hora do comezo das probas selectivas e composición do tribunal, e será determinantes dos prazos a efectos de posibles impugnacións e recursos.

7º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal estará composto por cinco persoas, con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada, unha das cales ostentará a presidencia e outra a secretaría do tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no artigo 60 do estatuto básico do empregado público e buscarase a paridade entre a muller e o home. A súa composición nominal publicaráse conxuntamente coa lista definitiva de admisións e exclusións e a fixación da data do primeiro exercicio.

As persoas integrantes do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusalas conforme ó artigo 24 de dita lei.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres integrantes, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso requirese a presenza do/da Presidente/a e do/da Secretario/a ou das persoas que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer de asesoramento especializado para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. As persoas asesoras actuarán con voz e sen voto e limitaránse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

Aos efectos de precepción de asistencias polas persoas concurrentes ás sesións dos tribunais, estarase ao disposto no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus integrantes presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

8º.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS

A data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio darase a coñecer coa publicación da lista definitiva de admisións e exclusións.

De conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, a publicación das datas de celebración dos sucesivos exercicios, das cualificacións dos mesmos e do resultado do proceso selectivo, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica municipal e na páxina web municipal, sen prexuízo de que, se o tribunal así o acorda, se podan realizar dúas ou máis probas no mesmo día.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Serán convocadas para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídas da oposición as que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal.

O tribunal poderá acordar dialogar coas persoas aspirantes unha vez realizados os exercicios, co fin de determinar de forma máis detallada os seus coñecementos sobre o contido dos mesmos.

De cada sesión que celebre o tribunal redactarase un acta polo/a secretario/a do mesmo, na que se farán constar as cualificacións das persoas aspirantes así como as incidencias que se produzan.

9º.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

1.- FASE DE OPOSICIÓN.

A fase de oposición constará de DUAS PROBAS:

EXAME TIPO TEST: exame tipo test de dez preguntas con tres respostas alternativas das que unha sola será válida, en relación co contido do temario que figura no anexo.

Este exercicio, obrigatorio e excluínte, valorarase cun máximo de 30 puntos, sendo necesario contar cunha puntuación mínima de 15 puntos para consideralo superado.

EXAME PRÁCTICO: proba práctica relacionada coas tarefas que van ter que desempeñar de forma cotiá no seu posto de traballo.

Este exercicio, obrigatorio e excluínte, valorarase cun máximo de 30 puntos, sendo necesario contar cunha puntuación mínima de 15 puntos para consideralo superado.

2.- FASE DE CONCURSO

Unicamente se valorará a aquelas persoas que superasen a fase de oposición. O tribunal non poderá valorar o non alegado e probado polas persoas aspirantes nos documentos achegados durante o prazo de presentación de instancias.

Os méritos das persoas aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido nos apartados seguintes.

A puntuación máxima que se poderá obter é de 40 puntos.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo, deberánse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente no prazo de presentación de instancias.

Os méritos están establecidos tendo en conta as funcións e tarefas que a persoa seleccionada terá que realizar habitualmente no seu posto de traballo.

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL: (29 puntos).

- Experiencia profesional como operario/peon de servizos múltiples en concellos ou outras administracións públicas, ata un máximo de 20 puntos. Valorarase a razón de 0,50 puntos por mes completo de servizos. No contrato deberá figurar a denominación do posto de traballo. En caso de que no contrato figurase outra

denominación, para poder valoralo, deberá acompañarse dun informe do concello ou administración no que figure as tarefas levadas a cabo en dito posto de traballo, que deberán coincidir sustancialmente coas do posto de traballo que agora se convoca, para poder ser aceptado na valoración de méritos.

- Experiencia profesional similar en empresas privadas, ata un máximo de 9 puntos. Valorarase a razón de 0,50 puntos por mes completo de servizos. O contrato deberá vir acompañado por un informe da empresa no que se indique as tarefas levadas a cabo en dito posto de traballo, que deberán coincidir sustancialmente coas do posto de traballo que agora se convoca, para poder ser aceptado na valoración de méritos.

A xustificación deste apartado farase mediante o **correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral**, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración, incluíndo os informes aclaratorios ós que refire o apartado anterior (**Non se valorarán os méritos si os contratos non veñen acompañados da vida laboral ou si se presenta a vida laboral sin os contratos correspondentes**).

Non se valorará como experiencia profesional os Obradoiros de Emprego.

b) **ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS.**

Por participación en cursos, xornadas ou seminarios, directamente relacionados co posto a desempeñar, ata un máximo de 10 puntos.

Valorarase a razón de:

- Cursos de ata 49 horas: 1 punto por curso.
- Cursos de 50 a 100 horas: 2 puntos por curso
- Cursos de máis de 100 horas: 3 puntos por curso

Dacordo co compromiso do concello de Barreiros coa Igualdade, valorarase con 0,5 puntos contar con formación en igualdade.

- Contar con carnet C, puntuarase con 1 punto adicional

Este apartado xustificarse mediante copia do diploma ou certificación da asistencia. Non se valorarán aqueles nos que non veñan claramente especificadas as horas de duración ou haxa dúbidas sobre o contido do mesmo. Tampouco aqueles que sexan requisitos para participar no proceso selectivo.

3.- COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Consistirá nunha proba oral que se determinará polo tribunal, considerando ó/á aspirante apto/a ou non apto/a. Esta proba será obrigatoria para aquelas persoas que non podan acreditar o coñecemento da lingua galega a través dos certificados correspondentes (C2 ou iniciación ou superior), sempre e cando tiveran superada a fase de fase de oposición.

10º.- RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS

O resultado final do concurso-oposición virá determinado pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, sempre que fose superada, e da puntuación obtida na fase de concurso de méritos.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou mais das persoas aspirantes, resolverase aplicando os seguintes criterios de forma alternativa e por esta orde:

- Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.
- Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a da convocatoria na administración convocante.
- A que obtivese unha maior puntuación na fase de oposición.
- Por sorteo.

Finalizadas as probas selectivas o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva das persoas aprobadas. O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de persoas ao das prazas que se convocan, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

11º.- CONTRATACIÓN.

A alcaldía procederá a acordar a formalización do contrato correspondente coas persoas seleccionadas.

12º.- BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL.

Constituirase unha bolsa de emprego cos/as aspirantes que superen o proceso selectivo pero que se queden sin praza, para posibles contratacións temporais relacionadas con este posto de traballo, é dicir, a bolsa de emprego únicamente servirá para cubrir posibles baixas médicas, vacacións, acumulacións de tarefas de ata 6 meses de duración ou outras causas legais de cobertura temporal da praza que puideran resultar necesarias nos dous anos seguintes á finalización do proceso de selección.

13º.- IMPUGNACIÓN

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven desta, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecidos pola lei 39/2015.

TEMARIO

Tema 1. O concello de Barreiros. Poboación. Termo municipal.

Tema 2. Principais eventos culturais e festivos do concello de Barreiros.

Tema 3. Edifícios e espazos municipais de uso público do concello de Barreiros.

Tema 4. Mantemento e uso da maquinaria manual do concello.

Tema 5. Mantemento e uso dos vehículos municipais adscritos ó servizo.

Tema 6. Normas básicas de limpeza viaria, mobiliario urbano e edificios municipais.

Tema 7. Coñecementos básicos de labores de xardinería, poda, desbroces, fitosanitarios,...

Tema 8. Tipos de residuos. Identificación e tratamento. Recollida.

Tema 9. Medidas básicas de prevención de riscos laborais nos traballos a desenvolver. Plan de Igualdade do Concello de Barreiros.

Tema 10. Primeiros auxilios básicos en caso de accidentes de traballo.

MODELO DE SOLICITUDE**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL FIXO COMO OPERARIO/A DE SERVIZOS MULTIPLES.**

D./D.^a _____ con DNI _____,
con enderezo a efectos de notificación en _____

teléfono _____; Número da seguridade Social _____;
correo electrónico _____

EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Barreiros para a contratación laboral que se indica.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen dita selección e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.
4. Que solicito ser incluído en dito proceso selectivo e para iso presento a seguinte documentación:
 - 1.- Fotocopia do DNI.
 - 2.- Fotocopia do carnet de conducir.
 - 3.- Copia do carnet de fitosanitarios
 - 4.- No seu caso, acreditación do nivel de coñecemento do galego.
 - 5.- Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos durante o prazo de presentación de instancias.

DECLARO baixo da miña responsabilidade:

- non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- disposición de vehículo para realizar os desprazamentos propios das funcións do posto de traballo.
- non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Barreiros, ____ de _____ de 2026

Sinatura: _____”

Barreiros, 14 de xaneiro de 2026.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0078

GUNTÍN

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO. 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A. PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de data 13/01/2026 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 13/01/2026 aprobou as bases para seleccionar 1 **PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.**

- Modalidade de contratación: o modelo de contrato será laboral temporal, na modalidade de circunstancias da produción ao amparo do Real Decreto-Lei 32/2021..
- Duración: 6 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.381,33,00 € incluído o rateo das pagas extras.
- Funcións: propias de Auxiliar Administrativo/a segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no **BOP DE LUGO**

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 32 00 88.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.guntin.es
- oficinas xerais do Concello de Guntín.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 13 de xaneiro de 2026.- O alcalde-presidente, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 0079

MONDOÑEDO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Mondoñedo, na sesión realizada o día 30 de decembro de 2025, entre outros, adoptou, o seguinte acordo, que literalmente di:

“APERTURA, POR SEGUNDA VEZ, DA BOLSA DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR VIXENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 2025-0025, do 4 de febreiro de 2025, o Alcalde avogou a competencia para si da Xunta de Goberno Local, ante a imposibilidade da súa celebración e aprobouse a CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO 2025-2027 PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SAF DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E DE PRESTACIÓN BÁSICA), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, BOP núm. 33, do 10 de febreiro de 2025.

O 10 de febreiro de 2025, publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 33, o anuncio da devandita convocatoria e das bases que regulaban este proceso selectivo.

Tal e como se aprobou na citada Resolución esta bolsa estará vixente por un período de 2 anos desde o día seguinte ao da publicación no BOP, isto é, ata o 10 de febreiro de 2027.

Posteriormente, mediante Resolución da Alcaldía núm. 2025-0082, do 2 de abril de 2025, o Alcalde avogou a competencia para si da Xunta de Goberno Local, ante a imposibilidade da súa celebración e aprobouse a APERTURA, POR PRIMEIRA VEZ, DA BOLSA DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR VIXENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, BOP núm. 79, do 5 de abril de 2025

Tal e como se reflicte no Informe da Traballadora Social Municipal do 26 de decembro de 2025, no que se fai constar que é necesaria a contratación de varias auxiliares de axuda no fogar, todas por un período de seis meses, a tempo completo; unhas para cubrir as baixas por Incapacidade Temporal (actualmente 3 Auxiliares de baixa por IT), así como para cubrir as vacacións do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, para esta anualidade, o antes posible.

Visto, que non hai persoas dispoñibles na bolsa de emprego, á vista do anterior e coa fin de manter un servizo de calidade, en virtude de razóns de urxencia e interese público, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes,

ACORDA:

PRIMEIRO.- A apertura, por segunda vez, da bolsa de auxiliares de axuda no fogar vixente no Concello de Mondoñedo ao abeiro da cláusula décima, aliñado 6, da Resolución da Alcaldía 2025-0025 do 4 de febreiro de 2025, pola que se aproba a Convocatoria e Bases que rexerán a contratación e a constitución dunha bolsa de emprego para a selección, por concurso-oposición, de persoal laboral temporal, para a Área de Servizos Sociais do Concello de Mondoñedo para a prestación do servizo do SAF (servizo de axuda no fogar para persoas dependentes e prestación básica), co obxecto de dispor a apertura da bolsa por un prazo de 5 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDO.- Publicar o presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos oportunos. A efectos informativos publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal/>) a convocatoria e as bases da bolsa vixente, así como o presente acordo.“

Mondoñedo, 14 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0081

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE CATRO AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA O ANO 2026.

Por Resolución de Alcaldía número 2025-3704 de data 30 de decembro do 2025 aprobáronse as bases da convocatoria para a selección de catro auxiliares Policía Local.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 8 de xaneiro de 2026.- A primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0080

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 09/01/2026, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2025, o que se notifica aos efectos do seu coñecemento. Fixase o período de cobro en voluntaria do 12/01/2026 ao 12/03/2026, ambos inclusive. Iníciase o período de exposición ao público polo prazo de 15 días contados a partir do día seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso

contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, 9 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0058

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Cumprido o trámite de exposición pública da modificación das Ordenanzas que se indican a continuación sen que se presentase reclamación algunha considéranse definitivamente aprobadas co texto que figura a continuación:

1.02ª.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

ARTIGO 1 FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co previsto no artigo 59, en relación cos seus artigos 92 a 99, do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o imposto sobre vehículos de tracción mecánica, é un tributo directo, de carácter obrigatorio.

ARTIGO 2 NORMATIVA APLICABLE

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica, rexerase neste Concello:

a) Polas normas reguladoras deste, contidas no texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ou norma que a substitúa, e polas demais disposicións legais e regulamentos que complementen e desenvolvan a dita lei.

b) Pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 3 FEITO IMPOÑIBLE

1.- O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un imposto directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2.- Se considera vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivera causado baixa nos mesmos. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.- A xestión, liquidación, recadación, inspección, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria corresponderá a este Concello cando o enderezo que figure no permiso de circulación do vehículo radique no termo municipal. Ditas funcións poderán ser delegadas na Deputación Provincial de Lugo mediante convenio ao efecto.

ARTIGO 4 SUPOSTOS DE NON SUXEICIÓN

Non estarán suxeitos a este imposto:

a) Os vehículos que, sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poden ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica de carga útil non superior a 750 quilogramos.

ARTIGO 5 SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos deste imposto, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a nome das cales conste o vehículo no permiso de circulación.

ARTIGO 6 RESPONSABLES

Todo o relativo a os responsables deste tributo, determinarase de conformidade a o previsto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; na Lei Xeral Tributaria, artigos 41 a 43; no Regulamento Xeral de Recadación e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 7 EXENCIÓNS

1. Estarán exentos do imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

b) Os vehículos de representación diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.

Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria, ou ao traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida que se refire a letra A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de discapacitados para o seu uso exclusivo.

Esta exención aplicarase en tanto se manteñan as devanditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios destas por máis dun vehículo simultaneamente.

Para os efectos do disposto neste parágrafo, se consideran persoas con discapacidade quen teñan esa condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da tarxeta de inspección agrícola.

2. Para poder gozar das exención a que se refiren as letras e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados/as deberán instar súa concesión, con anterioridade ao devengo do imposto, indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Declarada a exención polo Concello expedirase un documento que acredite a súa concesión, que terá carácter definitivo, para ese vehículo, para as persoas que teñan recoñecida unha discapacidade definitiva, sempre que se manteñan as condicións de non existencia de débeda e o empadramento no Concello da Pobra do Brollón. Nos demais supostos as solicitudes deberán ser renovadas anualmente, achegando soamente os documentos precisados nos números 1 e 4 dos parágrafos 2.1 e 2.2.

No caso de primeiras solicitudes, novas adquisicións de vehículos, o contribuínte deberá achegar a seguinte documentación:

2.1 Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

1.- Fotocopia e orixinal, ou fotocopia compulsada, do certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente da Administración autonómica no que conste o grao de discapacidade

2.- Fotocopia e orixinal, ou fotocopia compulsada, do permiso de condución (anverso e reverso).

3.- Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada, do permiso de circulación a nome do posible beneficiario/a da exención.

4.- Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada da póliza de seguro do vehículo na que figure o suxeito solicitante como condutor habitual do mesmo e acreditación do pago do último recibo que lle corresponda.

5.- Fotocopia DNI.

6.- Fotocopia da ficha técnica do vehículo.

7.- Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

8.- Estar empadroadado/a no Concello da Pobra do Brollón no momento de devengo do imposto, o que comprobará de oficio anualmente para o mantemento das exencións de carácter definitivo.

2.2 Vehículos destinados ao transporte de discapacitados/as:

1.- Fotocopia e orixinal, ou fotocopia compulsada, do certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente da Administración autonómica no que conste, o grao de discapacidade.

2.- Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada, do permiso de circulación a nome do posible beneficiario/a da exención.

3.- Fotocopia DNI do discapacitado/a e do condutor/a habitual do vehículo.

4.- Fotocopia e orixinal, ou fotocopia compulsada da póliza de seguro do vehículo e acreditación do pago do último recibo que lle corresponda

5.- Fotocopia da ficha técnica do vehículo.

6.- Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario/a da exención.

7.- Estar empadroadado/a no concello da Pobra do Brollón no momento do devengo do imposto, o que se comprobará de oficio anualmente para o mantemento das exencións de carácter definitivo. As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos supostos anteriores, non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios/as das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

A concesión das exencións previstas no presente apartado queda supeditada á non existencia de débeda, por calquera concepto, co concello da Pobra do Brollón.

3. Para poder gozar da exención á que se refire a letra g) do apartado 1 deste artigo os interesados/as deberán achegar a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI do solicitante.

b) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo.

c) Fotocopia e orixinal ou fotocopia compulsada da cartilla de inspección agrícola.»

ARTIGO 8 COTA TRIBUTARIA

1.- O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará mediante a aplicación do coeficiente 1,50.

Consonte co anterior as cotas a satisfacer serán as seguintes:

Potencia y clase de vehículo	Cota - Euros	
	Mínima	Incrementada
A) Turismos:		
De menos de 8 cabalos fiscais	12,62	18,93
De 8 hasta 11,99 cabalos fiscais	34,08	51,12
De 12 hasta 15,99 cabalos fiscais	71,94	107,91
De 16 hasta 19,99 cabalos fiscais	89,61	134,42
De 20 cabalos fiscais en adiante	112,00	168,00
B) Autobuses:		
De menos de 21 pazas	83,30	124,95
De 21 a 50 pazas	118,64	177,96
De más de 50 pazas	148,30	222,45

C) Camións:		
De menos de 1.000 quilogramos de carga útil	42,28	63,42
De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	83,30	124,95
De más de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil	118,64	177,96
De más de 9.999 quilogramos de carga útil	148,30	222,45
D) Tractores:		
De menos de 16 cabalos fiscais	17,67	26,51
De 16 a 25 cabalos fiscais	27,77	41,66
De más de 25 cabalos fiscais	83,30	124,95
E) Remolques y semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:		
De menos de 1.000 y más de 750 quilogramos de carga útil	17,67	26,51
De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	27,77	41,66
De más de 2.999 quilogramos de carga útil	83,30	124,95
F) Outros vehículos:		
Ciclomotores	4,42	6,63
Motocicletas hasta 125 centímetros cúbicos	4,42	6,63
Motocicletas de más de 125 hasta 250 centímetros cúbicos	7,57	11,36
Motocicletas de más de 250 hasta 500 centímetros cúbicos	15,15	22,73
Motocicletas de más de 500 hasta 1.000 centímetros cúbicos	30,29	45,44
Motocicletas de más de 1.000 centímetros cúbicos	60,58	90,87

2.- Para os efectos de facilita-la aplicación das tarifas, deberanse ter en conta a seguinte normativa:

A) En canto a clasificación dos vehículos, o anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro, que recolle nas súas letras A, B e C, as Definicións, Clasificación por criterios de Construción e Clasificación por criterios de utilización.

B) En canto a determinación da potencia fiscal, mediante as formulas recollidas no anexo V do referido Regulamento Xeral de Vehículos.

C) Os vehículos definidos como mixtos, todoterreo, mixtos adaptables, mixtos todoterreo, e furgón mixto adaptable e similares polo literal da clave numérica reflectido na ficha técnica, tributarán como turismo, pola súa potencia fiscal, agás nos seguintes casos:

- Se o vehículo está habilitado para o transporte de máis de nove persoas incluído o condutor, tributará como autobús.

- Se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 525 kg. de carga útil, tributará como camión.

D) Os vehículos denominados autocaravanas serán considerados furgonetas para os efectos de tributación.

E) Os furgóns, agás o mixto adaptable, tributarán como camións.

F) As ambulancias e coches fúnebres tributarán como turismos.

G) Os cuadríciclos lixeiros tributarán como ciclomotores.

H) Os motocarros terán a consideración, aos efectos deste imposto, de motocicletas e, polo tanto, tributarán pola súa cilindrada.

I) Cando se trate de vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques e semirremolques arrastrados.

J) As máquinas autopropulsadas ou automotrices que podan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores, quedando comprendidos, entre estes, os tractocamiós e camiós de obras e servizos.

K) Nos casos de vehículos nos que apareza na tarxeta de inspección técnica a distinción na determinación da carga entre MMA (masa máxima autorizada) e MTMA (masa máxima tecnicamente admisible), se estará, aos efectos da súa tarificación, aos quilos expresados na MMA, que corresponde á masa máxima para a utilización dun vehículo con carga en circulación polas vías públicas, conforme ao indicado no RXV. Este peso será sempre inferior ou igual ao MTMA .

3.- No caso de que nas Leis de Presupostos do Estado modificárase o cadro de tarifas recollido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o indicado coeficiente de 1,1 aplicárase sobre as novas tarifas fixadas nas referidas Leis de Presupostos estatais.

ARTIGO 9 BONIFICACIÓNS

1.- Os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados dende a data da súa fabricación, terán unha bonificación do 100% na cota deste Imposto. Se non se coñecese dita data, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou no seu defecto aquela no que o correspondente tipo ou variante deixou de fabricarse.

2.- Para ter dereito a esta bonificación será condición indispensable que o vehículo estea recoñecido como histórico ou pertenza, pola súa antigüidade a unha asociación de vehículos antigos legalmente constituída.

3.- Para poder acollerse a esta bonificación será necesario que o titular teña como mínimo outro vehículo ao seu nome matriculado no concello de antigüidade inferior a vinte e cinco anos. Noutro caso, a un dos vehículos do titular non se lle aplicará a bonificación.

ARTIGO 10 PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1.- O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día no se produza a devandita adquisición.

2.- O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo.

3.- O importe da cota do imposto ratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o rateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, e isto desde o momento no que se produza dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

ARTIGO 11 XESTIÓN DO IMPOSTO

1.- Nos supostos de adquisición e primeira matriculación dos vehículos o cando estes se reformen, de xeito que altere a súa clasificación aos efectos do presente Imposto, os suxeitos pasivos ou os seus representantes presentarán ante a Administración municipal e con carácter previo a súa matriculación na Xefatura Provincial de Tráfico, no prazo de trinta días, que comezará a contar desde a data de adquisición ou reforma, autoliquidación do imposto, para o cal cumprimentárase o modelo-impreso aprobado por este Concello facendo contar los elementos tributarios determinantes da cota a ingresar.

Acompañarase:

- Documentación acreditativa da compra ou modificación do vehículo.
- Certificado das Características Técnicas - DNI o CIF do suxeito pasivo.

Simultaneamente á presentación da autoliquidación, o suxeito pasivo ingresara o importe da cota do Imposto resultante da mesma.

Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional, en tanto que pola Administración municipal non se comprobe que a mesma efectuouse mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do Imposto. A oficina xestora, tras verificar que o pago fíxose na contía correcta, deixara constancia da verificación no impreso de declaración.

2. Nos supostos de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o Imposto xestiónase a partir do Padrón anual do mesmo.

As modificacións do censo fundamentáranse nos datos do Rexistro de Tráfico e nas Comunicacions da Xefatura de Tráfico relativas a altas, baixas, transferencias, reformas dos vehículos, sempre que se altere a súa clasificación a efectos deste Imposto, e cambios de enderezo.

O censo do Imposto expoñeráse ao público por un prazo dun mes para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formulalas reclamacións oportunas. A exposición ao público do Padrón anunciaráse no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

O prazo de ingreso das débedas de cobro por recibo notificadas colectivamente determinarase cada ano e anunciarase publicamente no Boletín Oficial de la Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Finalizado o prazo de pago voluntario sen que la débeda fora satisfeita, iniciarse o período executivo de recadación, o que comportará o devengo do recargo do 20% do importe da débeda non ingresada, así como o dos xuros de demora correspondentes. O devandito recargo será do 5% cando a débeda se ingrese antes de que fora notificada a providencia de constrinximento e do 10% cando se ingrese a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e o propio recargo antes da finalización do prazo previsto no artigo 62.5 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3. Sen embargo, unha vez abonada a cota do Imposto, se algún contribuínte estimase que ten dereito á devolución poderá solicitala dentro do prazo determinado ao efecto e por algunha das causas previstas na Lexislación vixente.

ARTIGO 12 XUSTIFICACIÓN DO IMPOSTO

1.- O pago do imposto acreditarase mediante o impreso de autoliquidación ou o recibo, debidamente validado pola entidade recadadora.

2.- Quen soliciten ante a xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou a certificación de aptitude para circular un vehículo, deberán acreditar previamente o pago do imposto.

3.- Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de enderezo que conste no permiso de circulación do vehículo, o de baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ao cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible, por vía de xestión e inspección, o pago de todas as débedas por dito concepto, devengadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obrigación de acreditamento o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou mais anos de antigüidade.

4.- As Xefaturas Provinciais de Tráfico non tramitarán os expedientes se non se acredita previamente o pago do imposto, nos termos establecidos nos apartados anteriores.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado o calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento do presente imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A redacción definitiva da presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o doce de novembro de dous mil vinte e cinco, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil vinte e seis, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

2.05ª.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO.

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por recollida de lixo que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a presentación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos a tódolos inmobles, calquera que sexa o seu estado, calidade, uso ou destino, que se encontren situados na zona de cobertura da mesma, con independencia de se depositan ou non residuos para a súa recollida, e con independencia de que estean ou non ocupados ou utilizados.

Non estarán suxeitos os propietarios de vivendas ou locais en estado ruinoso, previa tramitación do correspondente expediente ou acreditación mediante informe emitido polo técnico legalmente facultado.

Non estarán suxeitos á taxa os inmobles que teñan a condición de solar ou terreo.

Nos lugares, aldeas ou barrios con rúas interiores que non permitan a circulación rodada, e polo tanto, non poida pasar o vehículo de recollida de residuos, os veciños ou propietarios de fincas, trasladarán cos seus propios medios o s residuos sólidos ó contedor máis próximo, de acordo co estipulado na presente ordenanza.

2. A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, rebos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou nos que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3. Non está suxeita á taxa a presentación de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

a) Recollida de lixos e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.

b) Recollida de escouras e cinza de calefaccións centrais.

c) Recollida de rebos de obras.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionistas, arrendatario ou, incluso, de precario.

2. Terán a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais que poidan repercutir, se é o caso, nas cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.- EXENCIÓNS.

1.- Establécese unha bonificación do 90% nas tarifas desta taxa para os edificios que sen estar en ruína teñan a condición de non habitables ou utilizables.

2.- Ao abeiro no establecido no art. 24.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, gozaran de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) e acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado.

Para ter dereito a obtención desta exención, o interesado deberá cumprir os seguintes requisitos.

- Que o suxeito pasivo sexa titular do contrato de servizo.

- Que o suxeito pasivo estea empadroado e resida na vivenda para a que solicita o beneficio.

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2. A tal efecto aplicárase a seguinte tarifa:

CONCEPTOS	TAXA ANUAL
Epígrafe 1º.- Vivendas.	
Por cada vivenda. (Enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez prazas).	120,00€
Epígrafe 2º.- Aloxamentos	
Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos, hostais e demais establecementos de similar natureza (enténdese por aloxamento, aqueles locais de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hoteis-pensións, residencias, centros hospitalarios, colexios e demais centros de natureza análoga sempre que excedan de dez prazas).	144,00 €
Epígrafe 3º.- Establecementos de alimentación.	
Por cada local ou establecemento	144,00 €

Epígrafe 4º.- Establecementos de restauración	
a) Restaurantes	144,00 €
b) Cafeterías	144,00 €
c) Whisquerías e pubs	144,00 €
d) Bares	144,00 €
e) Tabernas	144,00 €
Epígrafe 5º.- Establecementos de espectáculos.	
a) Cines e Teatros	144,00 €
b) Salas de festas e discotecas	144,00 €
c) Salas de bingo	144,00 €
Epígrafe 6º.- Outros Locais industriais ou mercantís	
a) Centros oficiais	144,00 €
b) Oficinas bancarias	144,00 €
c) Grandes almacéns	144,00 €
d) Demais locais non expresamente tarifados	144,00 €
Epígrafe 7º.- Despachos profesionais	
Por cada despacho. (No suposto de que a oficina ou establecemento estea radicado na mesma vivenda, aplicarase unicamente a tarifa precedente quedando englobada nela a do Epígrafe 1º)	144,00 €

3. As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irredutible e corresponden ó período dun ano.

4. A cada unha das cotas sinaladas no paragrafo 2 se lle engadirá en concepto de ecotaxa por tratamento de residuos a cantidade mensual de seis euros (6,00 €).

5. No exercicio 2027 e sucesivos as tarifas do punto 2 deste artigo e a contía do punto 4 do mesmo se incrementará para cada ano no importe de incremento do I.P.C. correspondente ao período entre o un de xaneiro de o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

ARTIGO 7º.- DEVENGO.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal da recollida de lixo domiciliaria, en rúas e lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes a taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada semestre natural, salvo que o devengo da taxa se producira con posterioridade á devandita data, en tal caso a primeira cota devengarase o primeiro día do mes seguinte.

ARTIGO 8º.- DECLARACIÓN E INGRESO.

1. Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula, presentando, ó efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro semestre natural que corresponda.

2. Cando se coñeza, sexa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se efectuara a declaración.

3. As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse mediante recibos por períodos de catro meses.

4. A bonificación establecida no artigo 5º.1 deberá ser solicitada polo interesado quen aportará unha declaración responsable de que a vivenda ou local non dispón de subministro de enerxía eléctrica nin de autoxeración nin de empresa provedora, nin auga potable, sexa esta servida polo concello, empresa privada, de carácter veciñal ou de autoabastecemento (pozos e similares). De rematar a situación de inhabitable, deberá comunicarllo ao concello da Pobra do Brollón

ARTIGO 9º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 179, 180, 181, 182, 183, 184, 185, 186 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Se realizada unha inspección se comproba a falsidade da declaración responsable feita ao abeiro do artigo 8º.4 ou se comproba que existe abastecemento de auga potable ou electricidade, procederá a facturación íntegra do período no que se beneficiou da bonificación cun máximo de catro anos de acordo coas tarifas íntegras vixentes, e se sancionará ao interesado cun recargo do 50% do importe da liquidación.

DISPOSICIÓN FINAL:

A redacción definitiva da presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o doce de novembro de dous mil vinte e cinco, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil vinte e seis, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

2.06ª.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS.**ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por recollida de lixo que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de sumidoiros municipal.

b) A presentación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.

2. Non están suxeitas á taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan:

a) Cando se trate da concesión da licenza da acometida da rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.

b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do Concello beneficiarias dos devanditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatario, incluso en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, que poderá repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización da acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade de 23,17€.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de sumidoiros e depuración establécese na contía fixa mensual de 2,63€.

3. No exercicio 2027 e sucesivos as tarifas dos puntos 1 e 2 deste artigo se incrementarán para cada ano no importe de incremento do I.P.C. correspondente ao período entre o un de xaneiro de o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

ARTIGO 6.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non se concederá exención nin ningunha bonificación na exacción da presente taxa.

ARTIGO 7.- DEVENGO.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose esta:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Concello que teñan fachadas ás rúas, prazas ou vías públicas nas que exista sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa mesmo cando os interesados non procedan a efectual-la acometida á rede.

ARTIGO 8.- DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO.

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación das devanditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no Censo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

2. As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse mediante recibos por períodos de catro meses.

3. No suposto da licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para o ingreso directo na forma e prazos que se sinalen no Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICIÓN FINAL:

A redacción definitiva da presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o doce de novembro de dous mil vinte e cinco, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil vinte e seis, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

2.07ª.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA.**ARTIGO 1º.-CONCEPTO.**

Ao abeiro do establecido nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por subministro de auga que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

ARTIGO 2º.- OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento do taxa, regulado nesta Ordenanza, aquelas persoas que se beneficien dos servizos ou actividades prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º.-CONTÍA.

1. Aos efectos desta ordenanza, enténdese por acometida a primeira alta no servizo para cada vivenda ou local e o seu entronque na rede de abastecemento. A canalización necesaria que exceda dos vinte metros será por conta do solicitante. Este poderá optar por facer a parte da acometida ao seu cargo directamente, ou que a faga o concello aboando o custo correspondente. Enténdese por enganche, cada unha das sucesivas altas que no seu caso se produzan ó longo da vida do servizo.

2. Con efectos de un de xaneiro de cada ano a partir de 2027, inclusive, as contías indicadas experimentarán un incremento porcentual igual ao incremento do I.P.C. entre o día un de xaneiro e o trinta e un de decembro do ano anterior.

3. A contía do taxa regulado nesta Ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:

a) Dereitos de acometida e enganche:

Dereitos de acometida na Pobra de Brollón, usos domésticos. Valor de 2024, 35,07 €

Dereitos de acometida na Pobra de Brollón, demais usos. Valor de 2024, 46,75 €

Dereitos de acometida no resto do Concello, tódolos usos. Valor de 2024, 584,25 €

Dereitos de acometida por cada metro que exceda dos 20 en todo o concello. Valor de 2024, 12,36 €.

Dereitos de enganche en todo o Concello, tódolos usos. Valor de 2024, 93,74 €

b) A tarifa por consumo mensual queda establecida como segue:

Mínimo ata 10,00m³/mes, 5,50€.

O que exceda de 10,00 m³ ata 20,00m³ 0,77€/m³.

O que exceda de 20,00m³, 1,21€/m³.

4. En caso de avaría no contador, facturarase, durante todo o período afectado, dende a última lectura anterior ata a solución da avaría, unha cantidade proporcional o consumo medio do ano natural anterior incrementado nun vinte por cento.

5. Quen utilice a auga dos abastecementos municipais para usos distintos dos previstos no artigo 1º, ou especialmente a utilice para regar nos meses de Xullo a Setembro, será sancionado cunha multa de 90,15€ a primeira vez, 180,30€ a segunda e 450,76€ a terceira, e o corte do subministro na cuarta.

ARTIGO 4º.- OBRIGA DE PAGAMENTO.

1. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza, nace dende que se inicie a prestación do servizo, e a súa facturación e cobro realizaranse con periodicidade cuatrimestral.

2. O pagamento do devandito taxa efectuarase no momento da presentación da correspondente factura, á persoa obrigada a realizalo.

3. As débedas por este taxa, poderán esixirse por vía de constrinximento, de acordo co Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 5º.- NORMAS DE XESTIÓN.

- A substitución ou reparación dos contadores intelixentes inutilizados ou avariados será executada con cargo ao Concello e por persoal autorizado polo mesmo.
- A substitución ou reparación dos contadores propiedade dos usuarios inutilizados ou avariados será executada por conta do propietario.
- Os contadores estarán colocados a unha altura da rasante da rúa ou beirarrúa de entre 40 e 60 cm, de libre acceso para a súa lectura e consecuentemente no límite da propiedade privada coa rúa ou camiño público. A titularidade da instalación existente dende o contador ata a vivenda ou construción corresponde ao aboadado, sendo por conta deste os custos de reparación ou reposición que requira.
- O aboadado estará obrigado a facilitar o acceso ao contador ao persoal encargado da súa lectura.
- As vivendas, locais ou obras que non estivesen provistas de contador enganchadas á rede aplicaráselles unha sanción de 300,00€.
- As vivendas, locais ou obras, por manipulación do contador aplicaráselle unha sanción de 500€.
- Os titulares de explotación agrícolas, forestais, ou gandeiras que, de conformidade co artigo 101.c do decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de canon da auga e do coeficiente da vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais, non se atopan suxeitos ao canon da auga, poderán solicitar un contador individualizado para o citado uso, que deberá cumprir as condicións previstas nesta Ordenanza e acreditar a súa condición de tales.
- O impago de dous cuatrimestres consecutivos ou non consecutivos nun prazo de catro anos, dará lugar ao corte de subministro de auga, sempre previa audiencia ao interesado por prazo de 15 días hábiles, producíndose a recuperación do servizo, unha vez aboadados os importes pendentes de pago.

DISPOSICIÓN FINAL:

A redacción definitiva da presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o doce de novembro de dous mil vinte e cinco, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil vinte e seis, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

2.14ª.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No exercicio da potestade tributaria outorgada, con carácter xeral, polos artigos 133.2, 142 da Constitución Española, e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e a que, en particular, concede respecto das taxas o artigo 57 do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de Punto Limpo, baseándose en que se trata da prestación dun servizo público e/ou a realización dunha

actividade administrativa en réxime de dereito público de competencia local que se refire, afecta ou beneficia de xeito particular ó suxeito pasivo e non é prestado polo sector privado.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible a prestación do servizo de Punto Limpo de acordo coa ordenanza que o regula que inclúe os servizos de recollida, depósito, tratamento e eliminación dos residuos citados na ordenanza.

Naqueles supostos nos que se considere conveniente, poderán celebrarse convenios, tanto con outras administracións públicas como con empresas privadas, que por razón da súa magnitude, capacidade técnica e económica ou situación física do termo municipal resulten beneficiosos para a prestación do servizo.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Tributaria, que soliciten, resulten beneficiadas ou afectadas polo servizo que forma parte do feito imponible desta Ordenanza.

ARTIGO 4º.- COTA TRIBUTARIA.

1.- A cota tributaria polo servizo de depósito tratamento e eliminación dos residuos será a seguinte:

1.1.- Veciños da Pobra do Brollón suxeitos á taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo, 2,00 € ó mes.

1.2.- Para o resto dos usuarios do concello ou doutros concellos a taxa se calculará de acordo coa seguinte tarifa:

RESIDUO	TAXA
Aceites	2,42 Kg
Aerosois	24,20 entrega
Baterías	4,84 unidade
Madeiras	7,26 unidade
Metais	12,10 entrega
Papel e cartón	2,42 entrega
Pilas	4,84 entrega
Pinturas, disolventes, vernices,...	2,42 Kg
Plásticos	2,42 entrega
Radiografías	0,80 unidade
Electrodomésticos con CFCs	24,20 unidade
Restos electrodomésticos ata 0,125 m ³ incluídos	7,26 unidade
Restos electrodomésticos a partir de 0,125 m ³ .	12,10 unidade
Fluorescentes	2,42 unidade
Colchóns, sofás	7,26 unidade
Terras e escombros	12,10 20 kg
Téxtiles	2,42 entrega
Vidro	2,42 entrega

2. As taxas desta ordenanza se incrementarán para cada ano no importe do incremento do I.P.C. correspondente ao período entre o un de xaneiro e o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

ARTIGO 5º.- DEVENGO.

O devengo prodúcese cando se presenta a solicitude que inicie a actuación ou cando se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

ARTIGO 6º.- RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO.

A taxa prevista no punto 1.1 do artigo 4, se liquidará xunto coa do servizo de recollida e tratamento de lixo e se cobrará no mesmo recibo nos períodos que para aquela se establezan.

O ingreso das taxas previstas no punto 1.2 realizarase no momento da utilización do servizo, mediante declaración-liquidación.

DISPOSICIÓN FINAL:

A redacción definitiva da presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o doce de novembro de dous mil vinte e cinco, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil vinte e seis, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

A Pobra do Brollón, 12 de xaneiro de 2026.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 0059

RIBADEO*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZAS FISCAIS T 16 e T 18**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 18/11/2025 de modificación das ORDENANZA FISCAIS T16 e T18 TAXA POLOS SERVIZOS DE SUMIDOIROS, TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES E TAXA POLA DISTRIBUCIÓN DE AUGA.

O texto íntegro da modificación das devanditas ORDENANZAS faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO T18. TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA*Artigo 5º. Cota tributaria**1. A taxa esixirase de acordo ás tarifas que a continuación se especifican:**A) Por entronque na rede municipal de augas:*

a) Con carácter xeral pola concesión de licencia de entronque na rede municipal de augas 37,93 euros.

b) Ademais por cada vivenda ou local independente de que dispoña o edificio aboarase 18,98 euros. As indicadas tarifas non inclúen os gastos de execución de toma, que serán por conta do solicitante.

B) Por subministro:

c) Establécense os seguintes mínimos de consumo, expresados en número de m3. ó bimestre, cotas mínimas de consumo, expresadas en euros ó bimestre, e prezo de m3. de exceso sobre os mínimos de consumo:

Tipo de uso	Mínimo de consumo (m3 ó bimestre)	Cota mínima (€ ó bimestre)	Exceso de consumo (€ por m3)
1. Usos particulares e domésticos	20 m3 ao bimestre	14,5002201	0,7270676
2. Usos industriais e comerciais			
a) Establecementos dedicados a: cafés, bares, tabernas, bodegóns, casas de comidas, restaurantes e similares	30 m3. ao bimestre	26,8240731	0,8967446
b) Establecementos dedicados a bazares, mercerías e similares	12 m3. ao bimestre	10,7319486	0,8967446
c) Obras de construción ou reparación de edificios	100 m3. ao bimestre	261,9440744	2,6162522
d) Obras de construción ou reparación de vivendas unifamiliares	50 m3. ao bimestre	41,3641875	0,8778673

b) Non obstante o anterior, cando se trate de establecementos industriais que teñan un consumo superior ós 3.000 m3. mensuais, o exceso de consumo sobre os mínimos será de **0,8967445** euros/m3.

c) Excepcionalmente, e previa autorización expresa deste Concello, os usuarios que consuman do abastecemento de augas a Noceda para usos industriais e agrícola-gandeiros, para conexións que se realicen antes dos depósitos e cloración das augas fíxase unha tarifa de **0,7029416** euros/m3 para o mínimo, e **0,7270676** para os excesos.

d) Usuarios do termo municipal de Trabada: Ós veciños do termo municipal de Trabada usuarios do Servicio Municipal de Augas de Ribadeo acollidos previo acordo plenario aplicaráselles o mesmo réxime de tarifas anteriormente fixado.

2. Establécense uns mínimos para os casos que soamente teñan saneamento de 25 m3 para as vivendas domésticas de 22 m3 para o uso industrial e 112 m3 para cafés, bares, tabernas, bodegóns, casas de comidas, restaurantes e similares.

3. Establecese unha fianza polo importe total de 2 recibos do consumo mínimo, incluíndo todos os conceptos facturados por auga, saneamento, depuración e lixos, á recuperar polo aboado no momento da baixa. Nos casos que produzan baixa de oficio por impago, esta cantidade aplicarase para minorar os custes serrados na reclamación da débeda

ORDENANZA FISCAL T16 TAXA POLOS SERVIZOS DE SUMIDOIROS, TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.

Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria da taxa estará constituída por unha tarifa conforme ó número de locais ou vivendas que desaugüen conxuntamente a través da acometida para a que se solicita autorización, e polos metros cúbicos de auga consumida no caso de prestación do servizo de evacuación e tratamento.

2. A tarifa correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha sola vez e consistirá:

a) na cantidade fixa de 19,00 euros.

b) e, ademáis, por cada vivenda ou local de que dispoña o edificio aboará outros 19,00 euros.

3. A tarifa pola prestación do servizo de evacuación e tratamento será o resultado de aplicar ó importe liquidado pola taxa por prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga por mínimo de consumo e exceso sobre o mínimo, o tipo de gravame do 20 por 100.

4. Ós efectos de cuanto dispón o número tres anterior, en ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable polo seu suministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima esixible.

5. Cota tributaria do vertido ou filtración do terreo ou mananciais:

Unha vez concedida a licencia ou a autorización de acometida á rede de sumidoiros, ou causada alta de oficio, esixirase conforme ao cadro seguinte:

A tarifa por vertido de filtracións do terreo establécese en base aos m² da planta do soto, tanto para obra coma para a edificación finalizada, conforme á cota tributaria seguinte:

	€/bimestre
A) Edificacións con soto ata 900 m ²	29,06
B) Edificacións con soto entre 900 e 2.000 m ²	58,16
C) Edificacións con soto de máis de 2.000 m ²	87,24

6. Establécese unha fianza polo importe total de 2 recibos do consumo mínimo, incluíndo todos os conceptos facturados por auga, saneamento, depuración e lixos, á recuperar polo aboado no momento da baixa. Nos casos que produzan baixa de oficio por impago, esta cantidade aplicarase para minorar os custes serrados na reclamación da débeda".

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ribadeo, 12 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0060

SARRIA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA.

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 30/10/2025, acordou aprobar inicialmente ordenanza reguladora de referencia.

O expediente someteuse a información pública mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 257, de data 08/11/2025, no taboleiro de anuncios e no Portal de Transparencia da Sede Electrónica Municipal.

Como queira que non se presentaron reclamacións durante o devandito trámite, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario ata entón provisional, cuxo texto íntegro se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E TENZA DE ANIMAIS DO MUNICIPIO DE SARRIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento económico das sociedades contemporáneas e o seu enorme impacto na contorna ambiental xerou unha importante conciencia social do respecto ao medio natural, e particularmente cara aos animais que máis preto conviven cos humanos.

Doutra banda, hai que ter en conta que a vida é única e irrepetible e que todo ser vivo posúe uns dereitos naturais, así como o desprezo e o mero descoñecemento dos ditos dereitos provoca graves atentados contra a natureza e que a coexistencia das distintas especies no mundo fai necesario o recoñecemento por parte da especie humana do dereito á existencia das demais especies animais, de maneira que o respecto do home cara aos animais é inseparable do respecto dos homes entre eles mesmos.

Os poderes públicos están, por iso, e como consagra a propia Constitución Española de 1978 no art. 45, chamados a desempeñar un importante papel na defensa da contorna.

Aos municipios correspóndelles a responsabilidade de configurar a preservación da salubridade pública coa garantía do respecto, defensa e protección dos animais, mantendo un equilibrio axustado aos intereses xerais. Para iso resulta imprescindible establecer un marco normativo que introduza a necesaria certeza xurídica nesta materia.

A presente ordenanza municipal ten como obxectivo fixar a normativa que regula a convivencia, posesión, utilización, exhibición e comercialización de todo tipo de animais no termo municipal da Sarria.

Para iso, regula as atencións mínimas que deben recibir os animais desde o punto de vista do trato, hixiene e coidado, protección e transporte e inclúe as normas para a protección dos animais domésticos e de compañía que se atopan no termo municipal da Sarria, con independencia de que estivesen ou non censados e rexistrados nel e sexa cal fose o lugar de residencia dos seus donos, donas ou persoas posuidoras.

Finalmente tipifica as infraccións e sancións aplicables.

TÍTULO I

Obxectivos e ámbitos de aplicación

Artigo 1

1. Esta ordenanza ten por obxecto establecer a normativa que regule as interrelacións entre as persoas e os animais domésticos, tanto os de convivencia humana, como os utilizados con fins deportivos e lucrativos, facendo compatible a proveitosa utilización dos animais polos seres humanos, cos posibles riscos para a hixiene ambiental, a saúde e a seguridade de persoas, animais e bens.

2. Con tal finalidade a ordenanza ten en conta tanto as molestias e perigos que poden ocasionar os animais como o valor da súa compañía para un elevado número de persoas, tal como é o caso da axuda que poidan prestar polo seu adestramento e dedicación, como cans guía, os seus traballos de salvamento e todos os demais nos que os animais domésticos lles proporcionan ás persoas humanas satisfaccións deportivas ou de recreo.

3. Quedan excluídos desta ordenanza, e rexeranse pola súa propia normativa:

- a) A caza
- b) A pesca
- c) A protección e conservación da fauna silvestre no seu medio natural
- d) A gandería entendida como cría de animais con fins de abastos

Artigo 2

Para os efectos desta ordenanza enténdese por:

- Animais de compañía: todo animal posuído ou destinado a ser posuído polas persoas humanas, especialmente no seu fogar, para servir de recreo e como compañeiro.
- Animal vagabundo: todo animal de compañía que non teña fogar ou estea fóra do fogar do seu propietario ou posuidor e que non estea baixo un control ou vixilancia.
- Animal salvaxe en cativeiro: todo animal que viviu libre pola súa condición e foi obxecto de captura no seu medio natural, manténdose nun grao absoluto e permanente de dominación.
- Comercio de animais de compañía: o conxunto de transaccións practicadas de forma regular en cantidades considerables e con fins lucrativos que impliquen a transferencia da propiedade destes animais.
- Cría e custodia comercial de animais de compañía: a que se practica con fins lucrativos e en cantidades considerables.
- Refuxio de animais: establecemento con fins non lucrativos onde os animais de compañía poden ser recollidos en cantidades considerables.

Artigo 3

Sen prexuízo do esixido nas demais disposicións que sexan aplicables, estarán suxeitos á obtención da previa licenza municipal, as actividades seguintes:

- a) Os establecementos hípicas, sexan ou non de tempada con instalacións fixas ou non, que garden cabalos para practicar a equitación con fins deportivos, recreativos e turísticos.
- b) Os centros para animais de compañía e os destinados á reprodución, aloxamento temporal ou permanente e/ou subministracións de animais para vivir domesticados nas casas, principalmente cans, gatos e aves e outros cánidos destinados á caza e do deporte e que se dividen en:
 - Lugares de cría: para a reprodución e/ou subministración de animais a terceiros.
 - Residencias: establecementos destinados a aloxamento temporal.

- Mandas: establecementos destinados a gardar animais para a caza.

TÍTULO II

Sobre a tenza de animais

CAPÍTULO I

Artigo 4

1. Con carácter xeral autorízase a tenza de animais de compañía domésticos nos domicilios particulares sitos no núcleo urbano, coa súa tenza condicionada a que as circunstancias hixiénicas do seu aloxamento sexan óptimas e que haxa unha ausencia de riscos no aspecto sanitario e unha inexistencia de perigos ou molestias evitables para a veciñanza ou para outras persoas.

2. Con tal finalidade, prohíbese desde as 24.00 horas ata as 8.00 horas deixar nos patios, terrazas, galerías e balcóns, aves e animais en xeral que, cos seus sons, berros ou cantos, perturben o descanso ou tranquilidade dos veciños e veciñas. No resto do día, tamén se deberán retirar dos lugares especificados polos seus propietarios, posuidoras ou posuidores cando de xeito evidente lles ocasionen molestias ás persoas ocupantes do inmobile ou inmobiles veciños.

3. Os/as propietarios/as ou posuidores/as de animais estarán obrigados a proporcionarlles unha alimentación suficiente e adecuada ás características de cada animal.

4. A persoa propietaria ou posuidora dun animal estará obrigada a practicarlle as curas adecuadas que precise e proporcionarlle os tratamentos preventivos de enfermidades e as medidas sanitarias preventivas, se for o caso, que a autoridade municipal ou outros organismos competentes dispoñan.

5. Os animais afectados de enfermidades de declaración obrigatoria segundo a Lei de epizootias deberán ser illados, proporcionándolles o tratamento adecuado se fose posible. Na súa falta, deberán ser sacrificados por métodos eutanásicos que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha inmediata perda de consciencia. Este precepto será de aplicación tanto aos particulares como a aquelas entidades que lles ofrezan refuxio aos animais perdidos ou extraviados.

6. O número de animais que se poidan aloxar en cada domicilio ou inmobile poderao limitar a autoridade municipal, baseándose nos informes técnicos razoados, atendendo ás características da vivenda e á biomasa dos animais aloxados.

Artigo 5

1. O posuidor dun animal salvaxe en catividade é responsable da súa protección e coidado, así como do incumprimento das obrigacións previstas nesta ordenanza.

2. A tenza de animais en catividade procedentes de importación precisará do informe previo do organismo competente da Xunta de Galicia relativo ás condicións hixiénico-sanitarias do animal.

3. Prohíbese a tenza de animais salvaxes perigosos para o home fóra dos locais autorizados polo órgano competente da Xunta de Galicia, así como a súa circulación por lugares abertos ao público sen as medidas protectoras que se establezan, de acordo coas características de cada especie.

4. Aos animais salvaxes en catividade aplicaránselles as medidas sanitarias e hixiénicas previstas nesta ordenanza, así como as previstas na normativa vixente en materia de protección animal.

Artigo 6

As leiterías, cortes, cortellos e currais de gando e aves só se poderán establecer nas zonas rurais do municipio. En todo caso, requirirase a tramitación dos expedientes esixidos pola normativa vixente na materia para garantir tanto o aspecto hixiénico-sanitario e adecuación das instalacións, como a ausencia de incomodidades, molestias ou perigos para a veciñanza ou outras persoas.

Prohíbese a cría doméstica de aves, coellos, pombas e outros animais análogos en vivendas particulares do núcleo urbano, xa sexa en terrazas, peches ou patios.

Artigo 7

1. Queda absolutamente prohibida a entrada e permanencia de animais en toda clase de locais destinados á fabricación, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos.

Con todo, en restaurantes, bares, cafetarías e similares a entrada e permanencia de animais estará condicionada ao criterio da persoa dona do establecemento coa condición de que non supoña ningún tipo de incomodidade ou molestia para as e os concorrentes, e será o/a propietario/a do animal o/a responsable dos seus actos.

2. Prohíbese a circulación e permanencia de cans e outros animais nas piscinas públicas durante a tempada de baño.

3. O Goberno local poderá designar áreas de espaxemento canino temporais ou permanentes nas que os cans poderán permanecer sen correa, independentemente da época do ano, sempre baixo a vixilancia das persoas responsables dos cans

4. Prohíbese a entrada de animais en espectáculos públicos deportivos e culturais, así como en recintos de práctica de deportes e de xogos infantís.

5. O transporte de animais en vehículos particulares efectuarase de forma que non poida ser perturbada a acción do/a condutor/a nin se comprometa a seguridade do tráfico e de acordo coas normas previstas no Código de circulación.

Artigo 8

En establecementos hostaleiros e pensións, a estancia de animais de compañía estará condicionada a unhas óptimas circunstancias hixiénicas de aloxamento e á inexistencia de calquera tipo de incomodidade e molestias para as persoas residentes. Será o/a propietario/a dos animais o/a responsable dos seus actos e deberá en todo momento presentar a identificación acreditativa deles ante calquera axente da autoridade que o requira.

Artigo 9

Quedan excluídos expresamente do preceptuado nos artigos 7 e 8 os cans guía, que poderán circular libremente, así como acceder a calquera tipo de local, sempre que vaian acompañados polo seu amo ou ama e posúan as condicións hixiénico-sanitarias e de seguridade que se prevén nesta ordenanza.

Artigo 10

1. As persoas agredidas por animais darán inmediatamente conta do feito ás autoridades sanitarias.

2. O/a propietario/a ou posuidor/a do animal agresor terase que presentar ao servizo municipal e achegar o documento de identificación e cantos datos lle poidan servir de axuda á persoa lesionada ou aos seus representantes e ás autoridades sanitarias que o soliciten.

3. O/a propietario/a ou posuidor/a do animal agresor responderá administrativamente por non adoptar as medidas de protección fixadas por esta ordenanza, coa obriga de asumir os gastos ocasionados ao municipio pola agresión.

Artigo 11

1. Con carácter xeral nas vías públicas os animais deberán circular suxeitos con correa ou cadea con colar. O uso do bozo ordenarao a autoridade municipal cando as circunstancias así o aconsellen e mentres duren estas. Así mesmo haberá que usar o buzo no caso de animais cuxo perigo e agresividade sexa manifesto, dada a súa natureza e características.

2. A autoridade municipal fixará os horarios e espazos de espaxemento para animais nos cales poderán circular libremente e soltos acompañados da súa persoa propietaria ou posuidora.

3. As persoas ou entidades que necesiten desprenderse de animais de compañía mortos poderán facelo a través de empresas especializadas, que serán as encargadas de recollelos, transportalos e eliminalos.

4. Quen observe a presenza dun animal morto na vía pública poderá comunicar tal circunstancia ao Servizo de Medio Ambiente municipal ou á Policía Local, co fin de proceder, se é posible, á súa identificación e a retirar o cadáver nas condicións hixiénicas necesarias para tal operación.

5. Queda absolutamente prohibido o abandono na vía pública de cadáveres de calquera especie animal.

Artigo 12

1. Os/as propietarios/as ou posuidores/as de cans e os daqueles gatos que habitualmente saian do domicilio están obrigados a identificalos mediante un implante electrónico antes dos tres meses de idade ou ao mes da súa adquisición. Aqueles que posúan algún sistema de identificación no momento da entrada en vigor desta ordenanza dispoñerán dun prazo de tres meses para a súa actualización e reconversión.

2. As comunicacións por morte ou desaparición, cambio de domicilio ou transferencia da propiedade dos animais terán que realizarllas as súas persoas propietarias ou posuidoras ao servizo correspondente no termo de 10 días, que se contarán dende que se produzan.

3. Os datos dos/as propietarios/as gozarán da confidencialidade e reserva que establece a normativa vixente nesta materia.

Artigo 13

1. O concello recollerá os animais abandonados, co seguinte protocolo de actuación:

a) Se o animal non está identificado e non ten propietario ou propietaria coñecido, considerarase animal abandonado e o concello quedará facultado para darlle o destino que legalmente proceda.

b) Se o animal está identificado avisarase á persoa propietaria, quen disporá dun prazo de dez días naturais para recuperalo, unha vez pagados os gastos orixinados pola súa recollida, mantemento e coidados, segundo o disposto nas ordenanzas fiscais vixentes en cada momento, e os de asistencia veterinaria, de precisala, e vacinación, se for o caso.

2. Os medios que se vaian utilizar na captura e transporte de animais vagabundos ou abandonados terán as condicións hixiénico-sanitarias, serán respectuosos cos animais, garantirán en todo o posible o seu benestar e estarán adecuadamente atendidos por persoal cualificado.

CAPÍTULO II

Dos cans e gatos de convivencia humana

Artigo 14

1. A persoa posuidora dun animal doméstico é responsable da súa protección e coidado así como do cumprimento de todas as obrigas contidas nesta ordenanza.

2. As persoas propietarias ou posuidoras de cans e gatos que habitualmente saian do domicilio están obrigadas a censalos, así como á súa identificación nos termos previstos no art. 12 desta ordenanza, que será de aplicación tanto para as comunicacións por morte e desaparición dos animais censados como para os cambios de propiedade deles.

Artigo 15

1. O órgano competente da Xunta de Galicia, con base na competencia establecida na normativa vixente en materia de protección animal, poderá ordenar a vacinación ou o tratamento obrigatorio dos animais domésticos.

2. Con todo, este concello, e con carácter preventivo, promoverá os tratamentos antiparasitarios, así como a vacinación dos animais domésticos.

Artigo 16

1. Con carácter xeral nas vías públicas os cans circularán suxeitos con correa ou cadea con colar.

2. Con todo, os cans poderán deixarse soltos nos lugares e horas que con este fin acoute ou designe o Concello, acompañados sempre pola súa persoa propietaria ou posuidora.

3. Queda absolutamente prohibido que as persoas propietarias ou posuidoras de cans permitan que os seus animais defequen en parques infantís ou xardíns de uso frecuente polos nenos e nenas. Así mesmo, están obrigadas a recoller, inmediatamente despois de que se produzan, as deposicións dos seus animais na vía pública e espazos privados de uso público.

4. As deposicións que se produzan serán recollidas de xeito inmediato polas persoas propietarias ou posuidoras dos cans e colocaranse de forma hixienicamente aceptable nos colectores destinados á fracción orgánica e/ou nos lugares que a entidade municipal poida destinar expresamente para tal fin. Queda prohibido depositalos nas papeleiras públicas ou nas entradas dos sumidoiros.

5. Toda persoa que pasee con cans pola vía pública ou espazos privados de uso público deberá adoptar as medidas necesarias para evitar que os ensucien coas súas deposicións e miccións. Para este fin, deberá levar unha botella de auga para minimizar o impacto da micción. Este líquido debe ser vertido sobre a micción inmediatamente despois de que se produza.

Artigo 17

As persoas que utilicen cans para a vixilancia de soares, obras ou calquera outra propiedade, deberanlles procurar alimento, aloxamento, espazo e curas adecuadas, ademais de telos debidamente censados e identificados.

Así mesmo, deberán estar baixo a vixilancia e control do dono ou dona do inmovible de forma que non poidan causar danos a persoas, outros animais ou cousas.

Deberase advertir nun lugar visible a existencia dun can gardián.

Artigo 18

1. É competencia da Alcaldía a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais no ámbito do termo municipal.

2. No caso de grave ou persistente incumprimento por parte das persoas propietarias ou posuidoras de animais domésticos das obrigas establecidas nos artigos precedentes, a autoridade municipal poderá dispoñer o traslado dos animais a un establecemento adecuado, con cargo a aqueles e adoptar calquera medida adicional que estime imprescindible.

3. Cando ingrese un animal doméstico nas dependencias municipais por mandamento das autoridades competentes, a orde de ingreso deberá precisar o tempo de retención a que debe someterse e a causa desta. O aboamento dos gastos e as taxas orixinadas corresponderalle á persoa propietaria do animal.

4. A autoridade municipal poderá ordenar o traslado a outro lugar adecuado dos animais que non cumpran os condicionantes establecidos nos artigos 4, 5 e 6.

Artigo 19

As persoas propietarias ou posuidoras de animais que non desexen continuar ténndoos terán que entregalos a un refuxio de animais ou a unha sociedade protectora.

CAPÍTULO III

Dos cans e gatos vagabundos

Artigo 20

Queda absolutamente prohibido o abandono de toda clase de animais vivos, especialmente cans e gatos. Sancionárase o feito como risco para a saúde pública.

Artigo 21

1. Considerarase can ou gato vagabundo aquel que non teña dono coñecido e en consecuencia non estea identificado, ou aquel que circule libremente sen a presenza de persoa responsable del.

2. Os cans ou gatos vagabundos agrúpanse por orixe en:

a) Abandonados: son os cans ou gatos que se encontran desatendidos nun lugar público tanto por perder o seu dono, como por que este os deixou vagar libremente, pero permanecen preto da súa casa anterior.

Entenderase tamén como abandono situálos en lugares cerrados ou desalugados, soares e obras, na medida en que non sexan neses lugares debidamente atendidos.

b) Ruadores ou da rúa: son os que non teñen dono/a, pero que só volven á casa a intervalos regulares a buscar comida e refuxio.

c) Asilvestrados: son os que non teñen dono ou dona, pero que puideren telo algunha vez, ou os primeiros descendentes dun animal que tivo dono/a anteriormente.

d) Salvaxes: son os que viven en tal estado, con varias xeracións anteriores sen dono/a.

Artigo 22

Non está permitido alimentar animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas e en espazos privados de uso público sen contar coa correspondente autorización municipal, nos termos establecidos na lexislación vixente en materia de protección animal. Por razóns de saúde pública e de protección do medio ambiente urbano, esta prohibición se entenderá estendida a tódolos animais silvestres (ratos, pombas, gorrións, raposos, xabaríns, donicelas, etc) que se atopen nas vías públicas e/ou en espazos públicos ou privados (patios comunitarios, tellados, terrazas, soares, inmobles non habitados ou abandonados, etc), cando desta actuación se poidan derivar molestias, danos ou riscos para a saúde pública.

Para a alimentación e coidado de gatos ferais, o concello impulsará a implantación de colonias felinas controladas mediante o método CER (Captura, Esterilización e Retorno), co obxectivo de manter controladas e en boas condicións. Para tal fin, o concello desenvolverá en boas condicións sanitarias as poboacións de gatos ferais. Para tal fin, o concello desenvolverá protocolos para levar a cabo con medios propios ou en colaboración con asociacións protectoras de animais as tarefas propias do método CER, xunto coa alimentación, desparasitación e coidado e hixiene da contorna da colonia felina.

Artigo 23

1. Os animais domésticos vagabundos atopados no termo municipal de Sarria serán recollidos polo servizo de lacería municipal e trasladados ás instalacións da canceira municipal ou a aquelas outras que a autoridade municipal determine, onde serán debidamente atendidos ata que sexan recuperados, trasladados ou adoptados. Os servizos municipais actuarán por iniciativa e planificación propias ou por queixas da cidadanía.

2. De non estar identificado o animal doméstico, seguirase o procedemento previsto no artigo 13.1.a) desta ordenanza. En caso contrario, seguirase o procedemento do artigo 13.1.b).

3. Este concello fomentará a adopción de animais domésticos abandonados.

Artigo 24

Sen prexuízo das competencias da Xunta de Galicia en materia de vacinación obrigatoria dos animais domésticos e tendo en conta o carácter voluntario de tal tratamento, aconséllase a desparasitación externa e interna (hidatidose), así como a vacinación de cans e gatos ao cumpriren os seis meses de idade.

Artigo 25

As persoas propietarias de cans, gatos ou de camadas destes que non desexen continuar posuíndoos, poderán entregalos para o seu ingreso en refuxios ou en sociedades protectoras, aboando os costes correspondentes.

CAPÍTULO IV**Protección dos animais****Artigo 26**

Quedan prohibidas, con carácter xeral e con respecto a todos os animais de compañía, as seguintes condutas:

1. Causar a morte, excepto en caso de enfermidade incurable ou necesidade ineludible (co fin de evitar sufrimentos ao animal ante unha enfermidade incurable) e sempre baixo control veterinario.
2. Maltratar ou agredir de calquera xeito aos animais, ou sometelos a calquera práctica que lles cause sufrimento ou dano non xustificado.
3. Descoidalos non alimentándoos axeitadamente, non limpándoos, non someténdolos á asistencia sanitaria, non aloxalos de acordo coas súas necesidades naturais ou deixándoos no interior de vehículos pechados.
4. Incitalos a acometer ás persoas ou a danar as cousas.
5. Abandonalos, tanto na vía pública como en espazos privados de uso público, así como en vivendas, espazos pechados ou lugares nos que estes animais eran atendidos polas persoas propietarias.
6. Utilizalos en espectáculos, pelexas, festas populares e outras actividades se iso pode ocasionarlles sufrimentos ou implican maltrato ou crueldade.
7. Organizar pelexas entre animais e incitalos a elas.
8. Exercer a venda ambulante de calquera animal, fóra dos recintos e datas expresamente legalizados, e en condicións de legalidade absoluta respecto a cada especie animal, segundo a súa regulamentación específica.
9. Exercer a venda non ambulante de animais, sen o cumprimento das condicións xerais sinaladas pola lei.
10. Calquera outra conduta degradante que teña como vítima os animais.

CAPÍTULO V**Das infraccións e sancións****Artigo 27**

1. Os axentes da autoridade e cantas persoas precisen ou coñezan feitos contrarios ao establecido nesta ordenanza teñen o deber de denunciar ás persoas infractoras.
2. Os animais cuxas persoas propietarias ou posuidoras sexan denunciadas por causarlles sufrimentos, por non aloxalos en condicións hixiénicas e biolóxicas adecuadas, por desobedecer medidas ditadas pola autoridade municipal, por infraccións de normas sanitarias ou por desprezo de normas elementais de convivencia, poderán ser retirados polos/as axentes municipais.

A súa devolución, se procedese, farase unha vez tomadas as medidas correctoras que se poidan impoñer.

Artigo 28

1. Para os efectos da presente ordenanza será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, das prohibicións e dos requisitos establecidos nela, así como o das condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas ao seu amparo.
2. A responsabilidade administrativa esixirase sen prexuízo da que puidese corresponder no ámbito civil ou penal.
3. No caso de levarse a cabo espectáculos prohibidos, incorrerán en infracción administrativa non só os seus organizadores senón tamén os/as donos/as dos locais ou terreos que os cedesen, a título oneroso ou gratuíto.

Artigo 29

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves, atendendo a criterios de risco para a saúde e seguridade das persoas, grao de negligencia, gravidade do prexuízo producido e reincidencia.

Artigo 30

1. Tipifícanse como infraccións leves:

- a) A venda, doazón ou cesión de animais a menores de dezaseis anos ou a persoas con discapacidade sen a autorización da persoa titular da patria potestade, tutela ou garda.
- b) O agasallo de animais de compañía como recompensa ou premio en eventos ou atraccións públicas.
- c) A exhibición de animais de compañía destinados á venda en escaparates ou zonas expostas á vía pública ou como reclamo comercial.
- d) Non manter os animais en condicións hixiénico-sanitarias adecuadas e/ou non someter os animais aos recoñecementos veterinarios necesarios.
- e) Manter os animais en instalacións que non cumpran os requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección animal.
- f) Non proporcionarlles aos animais alimentos e bebidas suficientes e adecuados ás súas necesidades, salvo prescripción veterinaria, a menos que o prexuízo ao animal fose grave ou moi grave.
- g) Exercer a venda de animais domésticos fóra dos establecementos legalmente autorizados.
- h) Transportar animais en condicións inadecuadas ou en maleteiros non especialmente adaptados, incumprindo as obrigas establecidas na normativa vixente en materia de protección animal, sempre que os animais non sufran danos.
- i) Non recoller inmediatamente os excrementos evacuados por un animal de compañía en vías públicas ou en espazos privados de uso público.
- j) Alimentar aos animais vagabundos ou perdidos na vía pública sen a correspondente autorización municipal, salvo en situacións que poidan comprometer o benestar dos animais.
- k) Alimentar aos animais silvestres (ratos, pombas, gorrións, raposos, xabaríns, donicelas, etc) que se atopen nas vías públicas e/ou en espazos públicos ou privados (patios comunitarios, tellados, terrazas, soares, inmobles non habitados ou abandonados, etc), cando desta actuación se poidan derivar molestias, danos ou riscos para a saúde pública.
- l) Non adoptar as medidas necesarias para impedir que o animal acceda libremente a vías ou espazos públicos ou privados, así como non impedir o libre acceso do animal a outros animais ou o contacto sen autorización con persoas ou cousas, e así mesmo non impedir a entrada do animal en recintos ou lugares non autorizados.
- m) Manter nun mesmo recinto ou en vivendas particulares máis de cinco animais, ou dos que a entidade municipal, tendo en conta o caso concreto, puidese establecer, incumprindo o disposto na normativa vixente en materia de protección animal.
- n) Non manter actualizados os datos comunicados aos rexistros preceptivos previstos na normativa vixente en materia de protección animal.
- ñ) Non contar coa formación necesaria para o manexo e atención dos animais aloxados en centros de cría, venda e importación de animais.
- o) As molestias ocasionadas á veciñanza polo incumprimento do disposto no artigo 4 desta ordenanza.
- p) Incumprir as persoas propietarias ou posuidoras dos animais a obriga de levar unha botella con auga mesturada con zume de limón ou bicarbonato sódico, en cantidade suficiente para eliminar a micción dos animais na vía pública ou en espazos privados de uso público inmediatamente despois de producirse.
- q) Incumprir as persoas propietarias ou posuidoras dos animais a obriga de eliminar a micción dos animais na vía pública ou en espazos privados de uso público inmediatamente despois de que se produza botando sobre elas unha cantidade suficiente de auga, mesturada con zume de limón ou bicarbonato sódico.
- r) Calquera outra actuación que supoña o incumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza ou a infracción das prohibicións nela establecidas e que non estean tipificadas como infracción grave ou moi grave.

2. Son infraccións graves:

- a) O maltrato aos animais que lles causen dor, sufrimento, lesións ou danos non incapacitantes ou irreversibles.
- b) Non proporcionarlles aos animais os tratamentos necesarios para previr o seu sufrimento.
- c) A non identificación dos animais, cando sexa obrigatoria segundo o disposto na normativa vixente en materia de protección animal.

d) A utilización de calquera mecanismo ou utensilio que, destinado a limitar ou impedir a mobilidade dos animais, lles cause dor, dano, sufrimento, deterioración ou estrés innecesario, especialmente aqueles que lles impidan manter a cabeza na posición natural, agás prescrición veterinaria, ou manter aos animais da especie canina atados de forma permanente ou limitarlles os movementos que sexan necesarios durante a maior parte do día, e o uso de instrumentos ou métodos prexudiciais de suxeición ou adestramento, como colares eléctricos que producen descargas.

e) Levar animais atados a vehículos de motor en movemento.

f) Non adoptar as medidas necesarias para evitar a reprodución incontrolada dos animais, nos termos previstos na normativa vixente en materia de protección animal.

g) O abandono de animais de compañía, nos termos previstos nesta ordenanza e na normativa vixente en materia de protección animal.

h) A reiterada venda de animais domésticos fóra dos establecementos legalmente autorizados, nos termos previstos na normativa vixente en materia de protección animal.

i) A venda de animais salvaxes mantidos en cativeiro fóra dos establecementos autorizados.

j) O incumprimento das obrigas establecidas na normativa vixente en materia de protección animal para establecementos e eventos con animais de compañía, salvo que constitúa infracción moi grave, e o transporte inadecuado de animais de compañía incumprindo as obrigas establecidas na normativa vixente en materia de animais de compañía e protección animal.

k) A utilización de animais en traballos que os inmovilicen provocando dor.

l) A venda de animais enfermos ou con defectos coñecidos pola parte vendedora, salvo o previsto na normativa vixente en materia de protección animal.

m) A cría con fins comerciais ou a comercialización de animais sen cumprir requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección animal.

n) A recollida de animais extraviados ou perdidos sen a correspondente autorización, salvo nos supostos previstos na normativa vixente en materia de protección animal.

ñ) A cesión en adopción de animais abandonados sen reunir os requisitos establecidos nesta ordenanza e na normativa vixente en materia de protección animal.

o) Ser titular dun establecemento ou recinto de núcleo zoolóxico sen estar en posesión das autorizacións administrativas previstas na normativa vixente en materia de protección animal.

p) Non ter subscrito un seguro de responsabilidade civil ou non telo renovado, no caso de tenza de cans clasificados como potencialmente perigosos.

q) A negativa ou resistencia a facilitar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes, ou os seus axentes, para o cumprimento das funcións establecidas nesta ordenanza e demais normativa aplicable en materia de protección animal, así como a subministración de información inexacta ou documentación falsa.

r) Utilizar animais para a realización de traballos que poñan en risco a súa saúde, utilizándoos como reclamo na mendicidade ou en calquera outra actividade ambulante, ou o seu uso en atraccións de feira e outras análogas, salvo autorización da autoridade competente.

s) A comisión dunha infracción administrativa leve cando no prazo dun ano o suxeito fose sancionado por unha ou máis infraccións leves e a resolución ou resolucións sancionadoras fosen firmes en vía administrativa.

3. Son infraccións moi graves:

a) O maltrato aos animais que lles causen a morte ou lles provoquen lesións ou danos incapacitantes ou irreversibles.

b) A manipulación da identificación dos animais de compañía en todo caso.

c) A organización e realización de pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade que implique maltrato, crueldade ou sufrimento.

d) A venda de animais cunha enfermidade infecto-contaxiosa coñecida pola parte vendedora.

e) A mutilación de animais sen prescrición e control veterinario, así como a esterilización e intervención cirúrxica de animais non realizadas por un profesional veterinario.

f) A subministración de estimulantes non autorizados ou substancias que poidan ameazar a saúde dos animais de compañía, salvo prescrición veterinaria.

g) O incumprimento da orde de inmovilización dos animais acordada polas autoridades competentes.

- h) Obstaculizar o cumprimento das medidas provisionais.
- i) Educar aos animais de forma agresiva, estresante ou violenta, así como instigalos ou preparalos para pelexas ou ataques nos termos previstos na normativa vixente en materia de protección animal.
- j) Non adoptar as medidas necesarias para evitar que os animais lle causen danos á saúde pública ou animal ou á seguridade pública.
- k) Disparar intencionadamente aos animais, salvo nos supostos previstos na normativa vixente en materia de protección animal para a eutanasia.
- l) A práctica da eutanasia de animais incumprindo o disposto na normativa vixente en materia de protección animal.
- m) O uso e tenza de animais de especies silvestres nos circos.
- n) A comisión dunha infracción administrativa grave cando no prazo dun ano o mesmo suxeito fose sancionado pola comisión dunha ou máis infraccións graves e a resolución ou resolucións sancionadoras fosen firmes en vía administrativa.

Artigo 31

As infraccións sinaladas no artigo anterior sancionaranse con multas de:

- a) As leves, de 100 € a 500 €
- b) As graves, de 501 a 5.000 €
- c) As moi graves, de 5.001 a 30.000 €

O importe destas sancións poderá ser actualizado nos termos previstos na lexislación vixente en materia de protección animal.

Artigo 32

Ademais das multas ás que se refire o artigo anterior, os órganos competentes poderán impoñer as seguintes sancións:

- 1) O peche temporal ou definitivo, respectivamente para as infraccións graves ou moi graves, dos establecementos respectivos.
- 2) A prohibición temporal ou permanente, respectivamente para as infraccións graves ou moi graves, do exercicio de actividades comerciais.
- 3) A incautación dos animais obxecto de actividades ilegais ou de abandono para calquera tipo de infracción.
- 4) No caso de federacións ou de calquera outra entidade non lucrativa, para infraccións graves ou moi graves, poderase suspender temporalmente, ou en casos moi graves definitivamente, o exercicio das súas actividades.

Artigo 33

Para a gradación das multas e a determinación do tempo de duración da clausura a que fai referencia o artigo anterior, teranse en conta as seguintes circunstancias:

- 1) A transcendencia social ou sanitaria e o prexuízo causado pola infracción.
- 2) O ánimo de lucro e a contía do beneficio obtido na comisión da infracción.
- 3) A importancia do dano causado ao animal.
- 4) A reiteración ou reincidencia na comisión das infraccións.

Artigo 34

O exercicio da potestade sancionadora prevista nesta ordenanza requirirá a incoación e instrución do correspondente expediente administrativo de conformidade co disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas, con observancia dos principios recollidos na Lei do réxime xurídico do sector público.

Artigo 35

As infraccións previstas nesta ordenanza serán sancionadas polas persoas que teñan atribuída esta competencia de acordo coa lexislación vixente en materia de protección animal. En todo caso, é de competencia municipal a incoación e tramitación dos procedementos incoados pola comisión das infraccións tipificadas nas letras c), i), j), k), o), p), q) e r) do artigo 30.1. desta ordenanza, correspondéndolle á persoa titular da Alcaldía a resolución dos correspondentes expedientes sancionadores.

Artigo 36

1. As infraccións previstas nesta ordenanza prescribirán ao ano as leves, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que se cometese a infracción. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a contar desde a finalización da conduta infractora.

2. As sancións administrativas impostas por infraccións leves prescribirán aos dous anos, as graves aos tres anos e as moi graves aos catro anos, contados a partir do día seguinte a aquel en que a fose executiva a resolución pola que se impón a sanción, ou transcorrese o prazo para recorrela. No suposto de desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra a resolución pola que se impón a sanción, o prazo de prescrición da sanción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo legalmente establecido para a resolución do dito recurso.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor aos quince días da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Lugo do acordo plenario de aprobación definitiva.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sarria, 12 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0061

TRIACASTELA*Anuncio***CONTA XERAL DO CONCELLO DE TRIACASTELA PARA O EXERCICIO 2024.**

Expte.: 9/2026.

Unha vez rendida a conta xeral para o exercicio 2024 e ditaminada pola Comisión Espacial de Contas na sesión celebrada o 09/01/2026, xunto co ditame e documentos que a xustifican, expónse ó público na secretaría – intervención municipal por un prazo de 15 días que se computarán a partires do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales, os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Triacastela, 9 de xaneiro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 0062

SAMOS*Anuncio*

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 07.01.2025, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **DECEMBRO/2025**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efcto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 9 de xaneiro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, D.ª María Jesús López López.

R. 0063

VILALBA

Anuncio

Procedimiento de Retirada de Vehículos de la vía pública. Tratamiento Residual de Vehículos (Expte. 1808/2023).

Dada la imposibilidad de notificar a la persona titular del vehículo que se describe, junto a sus circunstancias, a continuación, por desconocimiento de los datos personales y por ignorar el lugar de notificación, se hace público a estos efectos, de conformidad con lo dispuesto en el art. 44 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común, y en cumplimiento de dictado mediante Resolución de la Alcaldía, Decreto número 2026-0017 de 12/01/2026, con el fin de su declaración como residuo sólido urbano y de entregarlo, para su tratamiento, destrucción y descontaminación, a un Centro Autorizado de Tratamiento de Vehículos.

“Vehículo con matrícula FE 6831 X, Turismo, marca Volkswagen, modelo Golf, abandonado en la vía pública, en el “Camiño do Sixto en Sancobade (Vilalba-Lugo)”, donde llevaba tiempo presumiblemente sin moverse del lugar con signos evidentes de un estado de abandono, por lo que se procedió a su enganche y traslado el depósito municipal, sito en la Nave de Os Freires (Vilalba), donde permanece a día de hoy.”

Vilalba, 12 de enero de 2026.- La alcaldesa, Marta M.ª Rouco Seoane.

R. 0064

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2026

Elevación automática a definitivo do acordo de aprobación inicial do orzamento de 2026, cadro e plantilla de persoal.

Finalizado o prazo de exposición ao público do acordo de aprobación inicial do Orzamento do exercicio 2026, as súas Bases de Execución, Cadro e Plantilla de Persoal, adoptado polo Xunta Plenaria da Mancomunidade de Municipios da Terra Cha (Lugo), en sesión celebrada o 10 de decembro de 2025, sen que fora presentada alegación ou reclamación algunha, de conformidade co establecido no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o referido acordo elévase automaticamente a definitivo.

En cumprimento do disposto no citado artigo 169 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no artigo 20.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e no 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, faise público o resume por capítulos do referido orzamento, así como o cadro e plantilla de persoal, e as indemnizacións e asistencias:

A) RESUME POR CAPÍTULOS DOS ESTADOS DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2026:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Expresión	Crédito inicial €
1.	Gastos de persoal	494.409,67

2.	Gastos en bens correntes e servizos	83.865,28
3.	Gastos financeiros	0,00
4.	Transferencias correntes	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		578.274,95
6.	Investimentos reais	1.800,00
7.	Transferencias de capital	0,00
TOTAL OPERACIÓNS OUTRAS OPERAC. NON FINANCEIRAS		1.800,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		580.074,95
8.	Activos financeiros	3.000,00
9.	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		3.000,00
TOTAL ESTADO DE GASTOS		583.074,95

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Expresión	Crédito inicial €
1.	Impostos directos	0,00
2.	Impostos indirectos	0,00
3.	Tasas e outros ingresos	0,00
4.	Transferencias correntes	580.074,95
5.	Ingresos patrimoniais	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		580.074,95
6.	Enaxenacións inversións reais	0,00
7.	Transferencias de capital	0,00
TOTAL OUTRAS OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		0,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		580.074,95
8.	Activos financeiros	3.000,00
9.	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		3.000,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS		583.074,95

B) ANEXO DE PERSOAL.**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

Denominación da praza	Núm. prazas	Situación/Observacións	Grupo
Secretario/a xeral	1	Acumulación funcións ao 15% da xornada.	A1

Tesourero/a	1	Acumulación funcións ao 15% da xornada.	A1
Arquitecto técnico	1	En propiedade persoal laboral fixo.	A2
Administrativo/a	1	En propiedade funcionario Administración Xeral.	C1

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Denominación da praza	Núm. prazas	Situación/ Observacións	Grupo
Traballador/a Social	4	En propiedade	II
Educadora familiar	1	En propiedade	II
Conductor/a	1	Vacante	IV
Conductor/a	1	Vacante	IV
Conductor/a prevención, extinción e recuperación de incendios	1	Vacante (cuberto persoal laboral temporal).	IV

C) INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS:

Os membros corporativos sen dedicación exclusiva ou parcial percibirán en concepto de dietas por asistencia ao órganos colexiados as seguintes contías brutas:

a) Por asistencias ás sesión da Xunta Plenaria: 250,00 Euros brutos sesión/corporativo.

b) Por asistencias a sesións das Comisións Informativas e da Comisión Permanente: 150,00 Euros brutos sesión/corporativo.

Aqueles membros da Corporación que realicen comisións de servizo fora do termo municipal do municipio de orixe terán dereito a ser indemnizados nas condicións e polas contías fixadas na normativa estatal sobre indemnizacións por razón do servizo. Igualmente terán dereito a percibir a indemnización de 0,26cm por quilómetro percorrido con vehículo propio.

De conformidade co establecido no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ó de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo competente, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, sen que a súa interposición suspenda por sí soa a aplicación do orzamento definitivo aprobado pola Corporación.

Cospeito, 14 de xaneiro de 2026.- O presidente, don Armando Castosa Alvaríño.

R.0082